

## ÁREA DE RESIDUOS

---

### INTRODUCCIÓN

A Asociación Amigos da Terra Galiza – Xuventude na área de residuos ten como obxecto a promoción da xestión sostible dos residuos sólidos urbanos xerados en Galiza

### SITUACIÓN ACTUAL

A **xestión dos residuos sólidos urbanos** en Galiza caracterízase pola súa extrema centralización: unha soa entidade, Sociedade Galega do Medio Ambiente, máis coñecida como SOGAMA, trata os residuos municipais procedentes do 95,6% dos concellos galegos que equivale ao 64% dos residuos totais nunha única planta de tratamento, o Complexo Medioambiental de Cerceda (A Coruña). O resto do lixo actualmente operativos en Galicia son Consorcio de As Mariñas, Mancomunidade de O Morrazo e Mancomunidade de Barbanza. Estes últimos son modelos que consideran o aproveitamento da fracción orgánica mediante compostaxe ou biometanización.

Como resultados globais na xestión dos residuos sólidos urbano en Galiza, cabe destacar que:

- Apenas o 16% dos residuos (exceptuando a fracción orgánica) van destinados á reciclaxe, e deles só o 10% é aproveitado (o resto é rexeitado), cando a fracción revalorizable (vidro, envases lixeiros, latas, papel, cartón) supera o 35% do lixo doméstico.
- No panorama da compostaxe, as cifras son aínda máis alarmantes: só o 1,2% da fracción orgánica dos residuos municipais xerada anualmente en Galicia foi compostada.
- Ámbolos dous puntos anteriores explícanse porque o 21% do lixo doméstico é rexeitado, o cal significa que a participación cidadá na recollida selectiva todavía é moi deficiente.
- Ao final do ciclo vital dos residuos, Galiza incinera o 58,4% do lixo doméstico e verte o 34%.<sup>1</sup>
- As perspectivas de futuro máis inmediatas, apuntan a que a incineración continuará sendo a aposta de SOGAMA e da administración.
- A concentración ou a centralización do tratamento de residuos significa un maior custe enerxético e un maior impacto ambiental, derivados ambos das propias instalacións e da recollida de lixo.

Á vista dos resultados e como primeira conclusión, Amigos da Terra considera que a xestión actual é claramente deficiente e insostible.

Os obxectivos e as metas xerais do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2004-2010 pretenden claramente orientar a xestión de residuos urbano cara a sostibilidade e a correcta xestión dos residuos urbanos: sensibilización da poboación, redución/ prevención, recollida descentralizada, evitar o verquido, aumentar a taxa de reciclaxe e a calidade da

---

<sup>1</sup> Tódolos datos extraídos do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galiza 2004-2010. Tódalas cifras veñen expresadas en porcentaxe sobre peso húmido.

recollida selectiva, aproveitamiento da fracción orgánica mediante compostaxe ou biometanización, etc.

A planta de tratamento de Cerceda atópase actualmente nun estado de saturación operativa, recibindo 800.000 toneladas anuais, cando a súa capacidade máxima é de 500.000 toneladas. Amigos da Terra considera que esta circunstancia debe representar unha oportunidade na política de xestión do lixo para apostar pola xestión anunciada no Plan de Xestión de Residuos Urbano de Galiza 2004-2010.

A presenza de **sustancias tóxicas** no ámbito diario da sociedade é un aspecto pouco coñecido e controlado pola administración galega: existe normativa ao respecto pero a falta de control sobre o seu cumprimento fai que as infraestructuras existentes a maior parte das veces non sexan efectivas.

Os **verquidos de augas residuais** é outra das grandes problemáticas galegas en materia de residuos xa que a falta de sistemas de depuración e de que os existentes non sexan eficaces ou suficientes, xeran unha sobrecarga de materiais de desfeito para os ríos e os mares galegos que levan á perda de biodiversidade e riqueza dos medios acuáticos cunha repercusión non soamente ambiental senón económica e cultural moi negativa para Galicia.

A falta de control sobre as emisións e a impunidad é vista pola organización como un punto moi deficitario e sobre o que incidir nas súas actuacións.

## LIÑAS DE ACTUACIÓN

### Xerais

- **Supervisión do cumprimento dos obxectivos do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2004-2010** dun xeito satisfactorio dende o punto de vista social, económico e ecolóxico, e, no caso que ditos obxectivos non se cumpran, comunicarllo aos responsables competentes xa que estes son, en xeral, ben vistos por AdT, pero son obxectivos ambiciosos e polo tanto requiren un gran esforzo por parte da Administración.
- **Velar polo cumprimento da normativa en materia de augas residuais e desenvolver actividades de sensibilización e promover sistemas alternativos de depuración.**
- **Tratamento axeitado do lixo perigoso e a persecución da regulación da presenza de sustancias químicas en certos produtos**

### Específicas

- **Autoxestión:** Promovemos a autoxestión, onde o xenerador de lixo sexa o axente xestor do mesmo, fomentando a redución do transporte de residuos e a toma de conciencia da problemática e poder individual de mellora neste eido. Deste xeito, o Sistema de Macrofitas para a depuración de augas residuais será un dos métodos a difundir para o fomento da xestión individual dos residuos.
- **Redución:** Dende Amigos da Terra se defende o modelo das 5R (reducir, reutilizar, reparar, retornar e reciclar) como modelo a seguir na xestión do lixo. Amigos da Terra cre que a prevención o redución de residuos debe estar moito máis presente nas actuacións relacionadas coa xestión de residuos urbanos. A tarefa de Amigos da Terra neste campo será promover a minimización dos residuos urbanos xerados.
- **Compostaxe:** Amigos da Terra confía na compostaxe, preferentemente doméstica ou mancomunada, como sistema de xestión de residuos que aproveita

a materia orgánica -a cal representa o 52% do lixo doméstico- dun xeito eficiente, sostible e descentralizado. O Grupo confía na compostaxe doméstica e mancomunada como modelo non solo implantable e viable en Galiza, senón tamén adecuado, dada a distribución poboacional de Galiza.

- **Promoción dos puntos limpos:** Amigos da Terra observa a necesidade de dar a coñecer e fomentar o uso dos puntos de recollida de RSU especiais entre a poboación como un sistema para evitar a chegada de sustancias tóxicas ao medio. Asímesmo considera imprescindible a presión sobre a Administración para a implantación e xestión axeitada dos mesmos nos municipios galegos.

## ÁMBITO DE ACTUACIÓN

O ámbito de actuación de Amigos da Terra será calquera cuestión o aspecto que garde relación coa xestión dos residuos sólidos urbanos que se faga no territorio galego. Sen embargo, no que se refire ao ámbito de comunicación e difusión, Amigos da Terra poderá pronunciarse ou manifestar a súa opinión sobre calquera cuestión o aspecto que garde relación coa xestión dos residuos sólidos urbanos que se faga en territorio galego, español ou interestatal.

As actuacións de Amigos da Terra irán dirixidas á poboación en xeral e aos organismos administrativos responsables da xestión de residuos urbanos.

## FERRAMENTAS

- **Sensibilización e participación:** Amigos da Terra considera que os residuos son un ámbito que concirne a toda a poboación e que predomina unha deficiente concienciación ambiental na sociedade galega. Por isto se considera a sensibilización da poboación como unha ferramenta imprescindible para estimular a colaboración cidadán. A tarefa de Amigos da Terra neste campo será facer chegar aos cidadáns a problemática derivada dos residuos, os beneficios da minimización, da reciclaxe e da compostaxe de residuos, a existencia dos puntos limpos e outras instalacións, etc.

As accións coas que se mobilizará á cidadanía neste eido, son entre outras:

- Charlas
- Actividades na rúa
- Obradoiros
- Limpezas
- Comunicados de prensa
- Visitas a lugares de interese na temática dos residuos
- Formación (cursos, seminarios...etc)
- Campañas.
- En canto á compostaxe en particular, a tarefa de Amigos da Terra neste campo será realizar proxectos de compostaxe doméstica e comunitaria e vermicompostaxe, os cales deben incluír formación dos usuarios e supervisión durante o proxecto.

- **Peticións directas á Administración:** A manifestación da visión de Amigos da Terra cara á Administración coa oferta de alternativas viables sustentables é unha das vías de acción para conseguir un xiro nas políticas actuais de xestión de residuos.

## REDES

Amigos da Terra traballa en conxunto con Amigos de la Tierra-España e Friends of the Earth Europe

## ACCIÓNS CONCRETAS

### Que estamos a facer...

Actualmente Amigos da Terra está desenvolvendo os seguintes proxectos.

- Elaboración do Informe sobre o coñecemento e uso de Puntos Limpos en Ourense
- Proxecto de Compostaxe Doméstica en Arzúa en colaboración co MMA e o Concello de Arzúa.
- Campaña Clean Up the World
- Denuncias de verquidos incontrolados a través do Servizo de Asesoría Xurídica do Centro IRIS
- Participación na campaña europea para un REACH respetuoso co medio
- Implantación e difusión do Sistema de Depuración de Augas con Macrofitas en As Corcerizas

### Que imos facer...

- Proxecto de xestión e sensibilización dos residuos no Centro de Menores Monteledo, Ourense
- Revisión do Plan de Xestión de Residuos de Galicia 2006-2010
- Seguimento da elaboración do mapa de verquidos de Galicia
- Difusión e promoción dos proxectos de compostaxe en Galicia.
- Accións reivindicativas para a compostaxe en Galicia
- Edicións de materiais educativos